| | |
|---|---|
| **Comunidade Autónoma / Departamento / Estado** | GALICIA |
| **Municipio** | FRIOL |
| **Edificio** | Igrexa de San Pedro de Anafreita |
| **Dirección** | Anafreita, s/n. 27229 |
| | 43.089866 -7.890015 |
| **Protección** | |
| **Descricion** | A igrexa de San Pedro de Anafreita é unha construción románica do século XIII, de planta rectangular, cadeirado de granito e cuberta de lousa a dúas augas. Os muros exteriores da ábsida conservan varios modillóns lisos, mentres que o presbietrio atópase enmarcado polo arco triunfal.<br>O retablo maior, localizado no presbiterio da igrexa é de estilo neoclásico, pola súas características técnicas e estilísticas pode datarse no século XIX. A estrutura é moi sinxela, consta dun corpo principal dividido en tres rúas, cada unha das cales alberga unha escultura. Os dous retablos laterais , datados no século XVII son de estilo barroco. É posible que procedan do mosteiro de Sobrado dos Monxes.<br>Os capiteis románicos forman parte das columnas que sosteñen o arco triunfal. Son de inspiración vexetal e presentan un sogueado na liña de unión co fuste liso das columnas. Realizados en pedra granítica, pertencen á época de construción da igrexa, no século XIII.<br>A pía de auga bendita ten un sinxelo adorno xeométrico sobre a parede. |
| **Campás** | 1 campá. |
| **Fotos** | 2 |
| **Toques actuais de campás** | |
| **Conservación, mantemento** | |
| **Propostas** | |
| **Autors da documentación** | TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA |
| **Data** | 15-05-2023 |

## Campás actuais

| Localización | Campá | Fundidor | Ano de fundición | Diámetro (en cm) | Peso |
|---|---|---|---|---|---|
| Espadana | Única. | BLANCO CHARLO, FRANCISCO ANTONIO (1804-1878) | 1864 | 50 | 72 |

Información completa: Igrexa de San Pedro de Anafreita - FRIOL (GALICIA)